

RESOLUCIÓN reitoral do 27 de febreiro de 2025 pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar cursos de extensión da Universidade de Vigo no ano 2025

O Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo (DOG do 22 de febreiro de 2019) establece no seu artigo 2 que entre os seus fins prioritarios está “Contribuír ao progreso e ao benestar da sociedade mediante a produción, a transferencia e a aplicación práctica do coñecemento e a proxección social da súa actividade, con especial atención á realidade de Galicia, á súa cultura e á súa lingua Facilitar a formación continua e a formación permanente ao longo de toda a vida”. Así, no artigo 97 do devandito texto normativo establécese que “A creación e a transmisión do coñecemento, como actividade propia da Universidade, instruméntase a través da docencia, da investigación, da transferencia, da extensión universitaria e da divulgación científica.”

Un dos instrumentos mais relevantes dos que dispón a Universidade de Vigo para desenvolver este mandato estatutario consiste no programa de cursos de extensión universitaria, xa que lles permite aos membros da comunidade universitaria promover e organizar accións formativas que, ademais de servir de complemento á formación regrada, facilitan a transmisión de destrezas e de habilidades desenvolvidas por estes ao noso contorno social, e contribúen decididamente a vincular á Universidade de Vigo coa sociedade en que insire.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar as axudas para organizar cursos de extensión universitaria da Universidade de Vigo no ano 2025.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboveda Morillo



BASES que regulan a convocatoria de axudas para organizar cursos de extensión universitaria da Universidade de Vigo no ano 2025

1. Obxectivo dos cursos de extensión universitaria

Involucrar á sociedade en novos elementos culturais, científicos, tecnolóxicos, sociais, humanísticos ou económicos desenvolvidos pola comunidade universitaria ou en coordinación con outras institucións académicas ou sociais.

2. Actividades excluídas

Quedan excluídas desta convocatoria:

- Os cursos de especialización, cursos de posgrao e mestrados, así como calquera outra actividade formativa que non se axuste aos obxectivos e formato desta convocatoria.
- As actividades formativas/cursos que reciban financiamento de calquera outra das convocatorias da Universidade de Vigo.

3. Requisitos das persoas solicitantes

A persoa solicitante, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, deberá cumprir e manter ata a finalización dos cursos aprobados os seguintes requisitos:

- Ser membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (PTXAS, PDI e estudantes)
- Ser director/a do curso proposto.
- Acreditar a relación coa temática do curso que propón.

A persoa solicitante só poderá presentar unha única solicitude por campus.

4. Dotación e contía da axuda

Os fondos destinados a esta acción irán con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican:

2025 OUR1 211ECUL 22606 no campus de Ourense.
2025 PON1 211ECUL 22606 no campus de Pontevedra.
2025 00EX 211ECUL 22606 no campus de Vigo.

O importe total máximo establecido para cada campus será de 24.000 €.

A contía máxima de axuda para cada proposta de curso aprobada pola comisión de Extensión Universitaria e Estudantes en Vigo, ou o consello de campus correspondente en Ourense e Pontevedra será de 4.000 euros por curso.

Nos casos moi excepcionais, polas súas especiais características e debidamente xustificado pola persoa encargada da dirección do curso, se o importe solicitado é superior, poderá ser aprobado pola comisión correspondente, segundo o campus.



5. Solicitudes, documentación e prazo presentación.

- Inscripción: A persoa encargada da coordinación do curso de extensión proposto deberá cumprimentar a solicitude de participación, anexo I, e os datos solicitados no anexo II.
Estes documentos serán asinados con certificado dixital pola dirección do curso, no caso de que a dirección sexa compartida por dúas persoas, deberán asinar as dúas os citados documentos.
A presentación realizarase de acordo co establecido no apartado seguinte.
- Prazo e lugar de presentación: dende o día seguinte da publicación da convocatoria no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo **ata o 20 de marzo de 2025, ás 23:59 horas** (hora peninsular española). A persoa encargada da coordinación do curso de extensión proposto debe presentar os documentos (anexo I e anexo II) indicados no apartado anterior, asinados dixitalmente, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) elixindo o procedemento “SXER – Instancia xenérica”. En asunto indicar “Axudas para organizar cursos de extensión 2025 no campus de.....” e dirixido a “Servizo de Xestión da Extensión Universitaria”.

A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude.

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

Ás persoas solicitantes tamén se lles poderá requirir que acheguen aqueloutros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

6. Características académicas e de organización de cada curso de extensión universitaria

- A persoa que coordina o curso de extensión deberá indicar, como parte do contido do anexo II, información que contemple os seguintes aspectos: obxectivos, temática tratada, métodos e recursos, distribución de actividades e a súa dedicación, procesos de avaliación do alumnado, así como o procedemento de avaliación do propio curso que permita analizar o grado de cumprimento dos obxectivos e introducir melloras no futuro. Ademais, no caso de que a dirección do curso sexa compartida por dúas persoas, deberá achegar o informe xustificativo de dita necesidade.
- Período de docencia: entre o **23 de xuño e o 20 de outubro de 2025**.
- Modalidade e duración de cada curso: os cursos serán todos en modalidade presencial e terán un mínimo de 30 horas, agás os cursos con duración inferior que foran aprobados polas comisións de selección de cada campus atendendo a súas especiais características.
- Número de estudantes por cada curso: entre un mínimo de 20 e un máximo de 100.
- Validación de créditos: as persoas asistentes que sexan estudantes dun grao oficial da Universidade de Vigo poderán validar os cursos de extensión universitaria por créditos ECTS como actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 30 horas de duración do curso.



f) Tarefas da dirección do curso:

- a. establecer os contidos do programa, contactar e informar aos docentes, organizar o desenvolvemento do curso, garantir o control de asistencia de cara á entrega de diplomas, articular o procedemento de avaliación do curso, realizar a enquisa final a todo o alumnado matriculado e elaborar a memoria final do curso (incluírá o código e nome do curso); así como aquelas outras tarefas de xestión que sexan precisas para o normal funcionamento do curso.
- b. no prazo de 10 días hábiles contados dende o remate do curso, a persoa encargada da dirección deberá remitir a memoria final e as enquisas finais realizadas ao alumnado a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) elixindo o procedemento “SXER – Instancia xenérica”. En asunto indicar “Documentación final do curso NOME DO CURSO- 2025 no campus de.....” e dirixido a:
 - Campus de Vigo: “Servizo de Xestión da Extensión Universitaria”.
 - Campus de Ourense: “Servizos á comunidade campus Ourense”
 - Campus de Pontevedra: “Servizos á comunidade campus Pontevedra”

g) Tarefas administrativas: a dirección do curso será auxiliada nas funcións administrativas por unha persoa pertencente ao colectivo do persoal de administración e servizos (PTXAS) da Universidade de Vigo.

7. Financiamento dos cursos de extensión universitaria

Os cursos financiaranse prioritariamente cos ingresos por matrícula e/ou por financiamento externo.

As propostas dos cursos de extensión universitaria incluírán, como parte do contido do anexo II, o orzamento de ingresos e gastos (apartado B). No apartado I2 de “financiamento externo á Universidade de Vigo” só se consignarán os importes da entidade externa que vaian ser efectivamente ingresados na Universidade de Vigo. O orzamento total de gastos deberá coincidir co orzamento de ingresos.

O importe da matrícula será como máximo de 4,16 € por hora de docencia presencial ata un máximo de 249,6 € por curso completo.

Para o cálculo do importe de “ingresos por matrícula” utilizarase a fórmula seguinte: $\text{núm. mínimo de estudantes previstos} \times 0,70 \times \text{prezo de matrícula completa}$. Onde o parámetro “número mínimo de estudantes previstos” será o 70% das prazas ofertadas.

No suposto de que o curso proposto conte con financiación de entidades e/ou institucións externas deberá achegarse o convenio debidamente asinado polas partes, no que se detalle tal achega e o reparto de funcións/tarefas. A dirección do curso levará a cabo todas as xestións necesarias para materializar as subvencións externas á Universidade de Vigo,

En todo caso, a Universidade de Vigo realizará a tramitación económica, con cargo ás partidas orzamentarias que correspondan coa natureza do gasto, dos importes expresados no orzamento de gastos dos cursos que sexan aprobados pola comisión de selección de



cada campus, agás aqueles que sexan asumidos por outras entidades e/ou institucións segundo o convenio indicado no parágrafo anterior.

8. Condicións relativas ás retribucións e aos gastos do curso.

- a) Actividades presenciais: as persoas conferenciantes percibirán por hora de dedicación a actividades presenciais (aulas, conferencias, mesas redondas, etc...) un importe que non será superior a 100 €. De existir algún caso en que polas especiais características do curso precise unha remuneración maior, deberá xustificarse na solicitude e ser aprobada pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou polo consello de campus correspondente.
- b) Dirección e secretaría: estas actividades serán retribuídas cun máximo do 10% do orzamento de ingresos do curso, sendo o importe máximo de 500 € pola dirección e de 250 € pola secretaría.
- c) Desprazamentos: o persoal docente que deba utilizar o seu vehículo particular para realizar as actividades a desenvolver poderá percibir o equivalente a 0,26 €/km segundo o desprazamento realizado ata un máximo de 400 € (ademais das retribucións pola docencia impartida) e sempre que se xustifique e sexa aprobado pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o consello de campus correspondente.

Para o cálculo da distancia nos desprazamentos, utilizarase a aplicación “Xestión Económica”, á que se accede dende a Secretaría virtual da Universidade de Vigo. No apartado correspondente a “Comisións de servizos”, pódese calcular a distancia medida en quilómetros entre a orixe e o destino do desprazamento, tendo en conta sempre o medio máis rápido. Este cálculo realízase tomando como datos de base as distancias calculadas pola ferramenta de Google Maps. Non se terán en conta outras formas de calcular distancia (Instrución do 20/12/2016, sobre o procedemento de autorización e tramitación dos gastos ocasionados polas comisións de servizo no novo aplicativo informático de comisións de servizo con dereito a indemnización).

Esta aplicación informática tamén se utiliza para as indemnizacións por razón de servizo para persoas sen vinculación laboral con esta universidade.

- d) Aloxamento: só se considerarán gastos de aloxamento no caso de docentes de fóra de Galicia ou de docentes desta universidade con centro de traballo en localidade distinta á da celebración do curso que participen en máis dunha conferencia en días consecutivos, deberán ser debidamente xustificadas e aprobadas pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou consello de campus correspondente.

A contía máxima por aloxamento será de 104,46 €/día por persoa, de conformidade coa Nota técnica da Xerencia de “Indemnizacións por comisións de servizo: novos importes para indemnizacións en territorio nacional e aclaracións sobre as excepcións na tramitación de gastos” do 01/02/2019 e no Regulamento para a liquidación e tramitación de indemnización por razón de servizo aprobado no Consello de Goberno do 16/12/2016.



Se o docente da Universidade de Vigo abona o importe do aloxamento, con factura ao seu nome, terá que tramitar o reintegro a través da aplicación de “comisión de servizos”. No caso de que o aloxamento sexa tramitado mediante factura a nome da Universidade de Vigo, se tramitará o pago a través da aplicación de “Pedidos” que deberán presentarse directamente polo provedor a través do sistema de facturación electrónica, a nome do servizo de Xestión da Extensión Universitaria. No concepto da factura deberá especificarse o nome das persoas aloxadas.

- e) Manutención: o importe total da manutención non poderá superar a cantidade de 41,14 € por persoa e día (no caso de facer noite) e de 20,57 € por persoas e día (se non se fai noite), de conformidade coa Nota técnica da Xerencia de “Indemnizacións por comisións de servizo: novos importes para indemnizacións en territorio nacional e aclaracións sobre as excepcións na tramitación de gastos” do 01/02/2019, no Regulamento para a liquidación e tramitación de indemnización por razón de servizo aprobado no Consello de Goberno do 16/12/2016, instrución do 20/12/2016, sobre o procedemento de autorización e tramitación dos gastos ocasionados polas comisións de servizo no novo aplicativo informático de comisións de servizo con dereito a indemnización así como no artigo 12 do R.D. 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O pagamento tramitarase como comisións de servizo ou como facturas, que serán presentadas directamente polo provedor a través do sistema de facturación electrónica, a nome do servizo de Xestión da Extensión Universitaria. Na factura deberá especificarse o nome dos comensais ou incluírse un documento no programa de pedidos asinado pola persoa que dirixe o curso onde se especifiquen os nomes das persoas ás que lles corresponde a manutención de cada factura.

- f) Como norma xeral, non se incluírán gastos competencia doutros servizos, agás que estean debidamente xustificadas e sexan aprobados especificamente pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou polo consello de campus correspondente.
- g) A Universidade de Vigo xestiona e financia os custos de publicidade e de difusión dos cursos de extensión aprobados ao abeiro da presente convocatoria. Polo tanto, non se financiarán gastos de publicidade ou de difusión singularizados por curso.

Todas as cantidades ás que se refiren os apartados anteriores enténdese brutas, polo que se lle aplicarán os descontos do IRPF establecidos polas disposicións vixentes e/ou no seu caso o IVE correspondente agás as indemnizacións por razón de servizo do persoal PTXAS ou PDI desta universidade.

9. Admisión/exclusión de solicitudes de axudas para organizar curso de extensión.

- 9.1 Rematado o prazo de presentación de solicitudes, ditarase resolución reitoral que se publicará no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo, que será o único válido para os efectos de notificación e cómputo de prazos (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>), na que se aprobe a



relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas co nome do curso, da persoa solicitante, así como as causas que motivaran a exclusión de ser o caso.

9.2 Disporase dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación, para emendar os erros, achegar a documentación requirida ou presentar as alegacións que se consideren oportunas. Para tal fin a persoa que coordina o curso presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) entrando no procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude.

9.3 Rematado o prazo de subsanacións, será publicada a resolución reitoral coa relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas. Quen non emende

Posteriormente, a comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou consello de Campus correspondente, levarán a cabo o proceso de selección, de acordo co establecido na base seguinte.

10. Comisións de avaliación, criterios de selección e proposta de concesión/denegación.

Comisións avaliadoras: as propostas recibidas e admitidas a trámite serán avaliadas pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes, no caso das solicitudes presentadas no campus de Vigo, o consello de campus de Ourense ou o consello de campus de Pontevedra, no caso das solicitudes presentadas en cada un dos citados campus.

Criterios selección: as comisións avaliadoras de cada campus procederán á selección, de acordo cos seguintes criterios:

- Diversidade de temáticas.
- Calidade e viabilidade das propostas.
- Oportunidade e impacto das propostas.
- Concordancia coa especialización de cada campus.
- Priorizar as propostas de cursos que capten financiamento externo.
- Avaliar positivamente os cursos nos que os contidos se atopen aliñados con un ou varios dos obxectivos de desenvolvemento sostible da axenda 2030 (<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>). Neste caso, recoméndase relacionar no anexo da documentación os obxectivos de desenvolvemento sostible cos que se aliña a proposta.
- Avaliar positivamente as novas propostas, as propostas de cursos realizados en anos anteriores que tiveran unha boa avaliación tendo en conta os resultados das enquisas de avaliación e a memoria da anterior edición, as propostas en que participen máis de catro conferenciantes ou procedan de máis dunha institución e as que soliciten menor contía económica da Universidade de Vigo.
- Avaliar positivamente os cursos de extensión que se celebren fóra dos concellos do campus de Vigo, do campus de Ourense e do campus de Pontevedra.
- Avaliar negativamente as solicitudes de cursos presentadas con anterioridade que non tiveran unha boa avaliación ou que non acadaran o mínimo de matrículas necesario para realizalo ou se existe un informe desfavorable referido á xestión administrativa do mesmo.

Ademáis das solicitudes anteriores, a vicerreitoría de Extensión Universitaria, para o campus de Vigo, e as vicerreitorías dos campus de Ourense e Pontevedra, para os seus respectivos campus, poderán tomar a iniciativa de organizar cursos para cumprir os



obxectivos previstos. Os cursos propostos polas vicerreitorías poderán encargarlles o seu deseño a persoas ou entidades alleas á Universidade. Estas propostas serán avaliadas polas comisións citadas anteriormente.

Proposta concesión/denegación: unha vez rematada a súa avaliación se ditará resolución reitoral, que se publicará no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo coa relación provisional de axudas concedidas e denegadas.

As persoas solicitantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados dende o día seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que consideren oportunas. Para tal fin a persoa que coordina o curso presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) entrando no procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude.

A comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou consello de Campus correspondente, avaliará as alegacións presentadas e, por resolución reitoral se publicará a relación definitiva de propostas concedidas e denegadas. As solicitudes posteriores á publicación desta resolución definitiva que supoñan modificación nas propostas dos cursos aprobados, deberá presentarse a través da sede, e serán avaliadas e, no seu caso, aceptadas, polas vicerreitorías competentes.

Compromiso aceptación: a persoa encargada da coordinación do curso de extensión deberá asinar documento de aceptación da axuda para realizalo, comprometéndose a cumprir todas as condicións recollidas nas presentes bases e as aprobadas pola comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou consello de campus correspondente.

11. Tratamento de datos persoais

- De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou “RXPDP”) e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que nos facilite na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de organizar e xestionar os cursos de extensión, e amparados por esta convocatoria.
- Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.
- Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.
- Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento.



Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

- Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/>, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario, 36310-Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.
- Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.
- Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



CSV : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORDA MORILLO | FECHA : 27/02/2025 11:48 | NOTAS : F

ANEXO I

Solicitud de participación Cursos extensión universitaria 2025

DATOS DA DIRECTORA/DIRECTOR DO CURSO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA (*)	
Nome e apelidos:	
DNI/NIE:	
Teléfono móbil:	
Enderezo electrónico (corporativo @uvigo.gal):	
Centro de estudos/traballo:	
Colectivo ao que pertence:	
DATOS DO CURSO EXTENSIÓN UNIVERSITARIA	
Título en galego:	
Título en castelán:	
Título en inglés:	
Campus de celebración:	
Ámbito de coñecemento (saúde, científico, tecnolóxico, xurídico-social e humanístico):	
Ofértase por primeira vez?:	
Se a resposta é negativa indicar cantas edicións:	
Indicar se lle corresponde, por convenio, redución no prezo da matrícula a persoas que non sexan membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.	
Duración total do curso en horas lectivas (non inferior a 30 ni superior a 60 horas) :	
Prezo da matrícula completa (non superior de 4,16 €/hora ata un	



máximo de 249,6 €/curso):	
Indicar se lle corresponde, por convenio, redución no prezo da matrícula a persoas que non sexan membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.	
Número de prazas (mínimo de 20, máximo de 100) O curso cancelarase de non acadar o 70% das prazas ofertadas)	
Lugar de celebración (aula/centro/localidade)	
Requisitos de inscrición, no seu caso:	
Datas previstas de celebración (indicar data de inicio e clausura entre o 23 de xuño e o 24 de outubro de 2025)	
DATOS DA SECRETARÍA DO CURSO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA (Pertencerá ao colectivo PTXAS da Universidade de Vigo)	
Nome e apelidos:	
DNI/NIE:	
Teléfono móbil:	
Enderezo electrónico (corporativo @uvigo.gal):	

(*) no caso de haber 2 directoras/es engadir as casiñas necesarias para engadir os datos correspondentes.

Declaración responsable da persoa solicitante:

- Que todos os datos da solicitude e documentos achegados para a presente convocatoria son certos, e se compromete a achegar os documentos que así o acrediten.
- Que coñece e entende todos os termos da convocatoria, onde se expresa, tamén, que a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.
- Que o curso proposto non recibe ou recibirá financiamento de calquera outra das convocatorias da Universidade de Vigo.
- Que achega Anexo II en formato .pdf (o título do arquivo será a denominación do curso).



Conforme coa declaración responsable SI

Solicito ser admitido/a na convocatoria a que se refire esta instancia, declaro que son certos os datos consignados e alegados e que reúno os requisitos exixidos por esta convocatoria.

Na data da sinatura electrónica
(sinatura)

SERVIZO DE XESTIÓN DA EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

(a presentar en formato .pdf na sede electrónica: <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/1150909>)

Código seguro de Verificación : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 27/02/2025 11:48 | NOTAS : F

ANEXO II (Proposta curso extensión universitaria 2025)

Denominación do curso extensión:	
Nome proponente do curso extensión:	
Campus de celebración do curso extensión:	

A	DATOS DO CURSO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
---	---

OBXECTIVOS E TEMÁTICA DO CURSO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

--

Código seguro de Verificación : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



PROGRAMA en galego (programa do curso que se imprimirá no diploma de asistencia):



CSV : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 27/02/2025 11:48 | NOTAS : F

PROGRAMA en castelán (programa do curso que se imprimirá diploma de asistencia):



CSV : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 27/02/2025 11:48 | NOTAS : F

MÉTODOS E RECURSOS, que reflecta, se fose o caso, a distribución de actividades e a súa dedicación

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DO PROPIO CURSO, que permita analizar o grado de cumprimento dos obxectivos e introducir melloras no futuro



PROGRAMA DO CURSO

Actividades presenciais (empréguese táboas como a seguinte e indíquese o día, hora de inicio e fin, conferencia, relator/a e outras actividades):

Día:	
Hora:	Título do relatorio
	Nome do docente (cargo ou universidade á que pertence)
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	

Día:	
Hora:	Título do relatorio
	Nome do docente (cargo ou universidade á que pertence)
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	

Día:	
Hora:	Título do relatorio
	Nome do docente (cargo ou universidade á que pertence)
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	



Día:	
Hora:	Título do relatorio
	Nome do docente (cargo ou universidade á que pertence)
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	
Hora:	

Código seguro de Verificación : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 27/02/2025 11:48 | NOTAS : F

B	ORZAMENTO DO CURSO DE EXTENSIÓN
---	---------------------------------

I. INGRESOS	
I.1 Ingresos por matrículas (nº mínimo de alumnado x 0,70 x prezo matrícula completa – nesta fórmula o número mínimo alumnado é o 70% das prazas ofertadas)	
I.2 Financiamento externo á Universidade de Vigo (indicar entidade e contía **)	
-	
-	
-	
-	
I.3 Contribución da Universidade de Vigo (máximo 4000 euros)	
TOTAL INGRESOS*	

II. GASTOS	
II.1 Remuneracións dirección (máximo 10% ingresos – ata un máximo de 500€)	
II.2 Remuneracións secretaría (máximo 10% ingresos – ata un máximo de 250€)	
II.3 Remuneracións persoal docente	
Remuneracións docentes da Universidade de Vigo – PTXAS.	
Remuneracións docentes da Universidade de Vigo – PDI Funcionario	
Remuneracións docentes da Universidade de Vigo – PDI Laboral	
Remuneracións docentes doutras Administracións Públicas	
Resto de remuneracións docentes (estudantes da Universidade de Vigo, entidades privadas, autónomos ...)	
II.4 Aloxamento	
II.5 Manutención	
II.6 Gastos viaxe	
II.7 Outros gastos (especificar concepto e importe)	
-	
-	
-	
-	
TOTAL GASTOS*	

* O orzamento total de gastos deberá coincidir co total dos ingresos.

** Só se consignará o financiamento que sexa efectivamente ingresado na Universidade de Vigo e que sexa utilizado pola organización do curso para pagamento dalgún dos gastos relacionados no orzamento de gastos.



Documentación que se achega:

Documentación acreditativa do financiamento externo (de ser o caso):

- Entidade/Institución: Si ☐ Non ☐
 - Entidade/Institución: Si ☐ Non ☐
 - Entidade/Institución: Si ☐ Non ☐

C CUSTO DO PERSOAL DOCENTE/ PONENTE (ver aclaracións ao final)

Docente 1			
Nome:			
DNI/NIE:			
Número de horas			
Entidade á que pertence: (selecciona a entidade e o colectivo que corresponda)	Universidade de Vigo	☐	PTXAS
		☐	PDI funcionario
		☐	PDI Laboral
		☐	Outros
	Outra Administración Pública		
	Outros (entidade privada, autonomo....)		
1.1.Remuneración:			
1.2.Aloxamento:			
1.3.Manutención:			
1.4.Gastos de viaxe:			
Total gastos			

Docente 2			
Nome:			
DNI/NIE:			
Número de horas			
Entidade á que pertence: (selecciona a entidade e o colectivo que corresponda)	Universidade de Vigo	☐	PTXAS
		☐	PDI funcionario
		☐	PDI Laboral
		☐	Outros
	Outra Administración Pública		
	Outros (entidade privada, autonomo....)		
1.1.Remuneración:			
1.2.Aloxamento:			
1.3.Manutención:			
1.4.Gastos de viaxe:			
Total gastos			

CSV : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 27/02/2025 11:48 | NOTAS : F



Docente 3			
Nome:			
DNI/NIE:			
Número de horas			
Entidade á que pertence: (selecciona a entidade e o colectivo que corresponda)		Universidade de Vigo	☐ PTXAS
			☐ PDI funcionario
			☐ PDI Laboral
			☐ Outros
		Outra Administración Pública	
		Outros (entidade privada, autonomo....)	
1.1.Remuneración:			
1.2.Aloxamento:			
1.3.Manutención:			
1.4.Gastos de viaxe:			
Total gastos			



D	CURRÍCULO RESUMIDO DO PERSOAL DOCENTE/CONFERENCIANTE (Soamente se incluírá o CV se a persoa docente é a primeira vez que participa nesta actividade)
---	--

Docente/conferenciante 1	
Nome e apelidos completos:	DNI/NIE:
Teléfono móbil:	Correo electrónico:
Currículo:	

	CSV : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO FECHA : 27/02/2025 11:48 NOTAS : F
---	---

Docente/conferenciante 2

Nome e apelidos completos:

DNI/NIE:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:

Currículo:

Código seguro de Verificación : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 27/02/2025 11:48 | NOTAS : F

Docente/conferenciante 3

Nome e apelidos completos:

DNI/NIE:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:

Currículo:

Co presente anexo se achega a seguinte documentación (sinalar a que proceda)

- 1.- Autorización do lugar de celebración: SI NON
- 2.- Convenio asinado, no caso de que a Universidade de Vigo perciba ingresos de outra entidade ou institución: SI NON
- 3.- Convenio actualizado para a redución de matrícula a aoutros colectivos indicados para este curso, de ser o caso: SI NON

No lugar e data da sinatura electrónica

A persoa encargada da coordinación do curso de extensión

(presentar en formato .pdf na sede electrónica: <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/1150909>)



NOTAS ACLARATORIAS AO APARTADO C:

* O importe que percibirán as persoas conferenciantes por hora de dedicación a actividades presenciais (aulas, conferencias, mesas redondas, etc...) non debe ser superior a 100 €.

* Ningunha persoa que imparta unha conferencia percibirá unha remuneración adicional por dedicación a actividades non presenciais.

* A dirección e secretaría serán retribuídas cun máximo do 10% do orzamento de ingresos do curso . O importe máximo para estes conceptos será de 500 € e de 250 € respectivamente.

* Desprazamentos: o persoal docente que deba utilizar o seu vehículo particular para realizar as actividades a desenvolver poderá percibir o equivalente a 0,26 €/km segundo o desprazamento realizado ata un máximo de 400 € (ademais das retribucións pola docencia impartida) e sempre que se xustifique e sexa aprobado pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o consello de campus correspondente.

Para o cálculo da distancia nos desprazamentos, utilizarase a aplicación “Xestión Económica”, á que se accede dende a Secretaría virtual da Universidade de Vigo. No apartado correspondente a “Comisións de servizos”, pódese calcular a distancia medida en quilómetros entre a orixe e o destino do desprazamento, tendo en conta sempre o medio máis rápido. Este cálculo realízase tomando como datos de base as distancias calculadas pola ferramenta de Google Maps. Non se terán en conta outras formas de calcular distancia (Instrución do 20/12/2016, sobre o procedemento de autorización e tramitación dos gastos ocasionados polas comisións de servizo no novo aplicativo informático de comisións de servizo con dereito a indemnización).

Esta aplicación informática tamén se utiliza para as indemnizacións por razón de servizo para persoas sen vinculación laboral con esta universidade.

Todas as cantidades ás que se refiren os apartados anteriores enténdese brutas, polo que se lle aplicarán os descontos do IRPF establecidos polas disposicións vixentes e/ou no seu caso o IVE correspondente agás as indemnizacións por razón de servizo do persoal PAS ou PDI desta universidade.

*Só se considerarán gastos de aloxamento no caso de docentes de fóra de Galicia ou de docentes desta universidade con centro de traballo en localidade distinta á da celebración do curso que participen en máis dunha conferencia en días consecutivos, deberán ser debidamente xustificadas e aprobadas pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou consello de campus correspondente.

A contía máxima por aloxamento será de 104,46 €/día por persoa, de conformidade coa Nota técnica da Xerencia de “Indemnizacións por comisións de servizo: novos importes para indemnizacións en territorio nacional e aclaracións sobre as excepcións na tramitación de gastos” do 01/02/2019 e no Regulamento para a liquidación e tramitación de indemnización por razón de servizo aprobado no Consello de Goberno do 16/12/2016.

Se o docente da Universidade de Vigo abona o importe do aloxamento, con factura ao seu nome, terá que tramitar o reintegro a través da aplicación de “comisión de servizos”. No caso de que o aloxamento sexa tramitado mediante factura a nome da Universidade de Vigo, se tramitará o pago a través da aplicación de “Pedidos” que deberán presentarse directamente polo proveedor a través do sistema de facturación electrónica, a nome do servizo de Xestión da Extensión Universitaria. No concepto da factura deberá especificarse o nome das persoas aloxadas.

*O importe total da manutención non poderá superar a cantidade de 41,14 € por persoa e día (no caso de facer noite) e de 20,57 € por persoas e día (se non se fai noite), de conformidade coa Nota técnica da Xerencia de “Indemnizacións por comisións de servizo: novos importes para indemnizacións en territorio nacional e aclaracións sobre as excepcións na tramitación de gastos” do 01/02/2019, no Regulamento para a liquidación e tramitación de indemnización por razón de servizo aprobado no



Consello de Goberno do 16/12/2016, instrución do 20/12/2016, sobre o procedemento de autorización e tramitación dos gastos ocasionados polas comisións de servizo no novo aplicativo informático de comisións de servizo con dereito a indemnización así como no artigo 12 do R.D. 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O pagamento tramitarase como comisións de servizo ou como facturas, que serán presentadas directamente polo proveedor a través do sistema de facturación electrónica, a nome do servizo de Xestión da Extensión Universitaria. Na factura deberá especificarse o nome dos comensais ou incluírse un documento no programa de pedidos asinado pola persoa que dirixe o curso onde se especifiquen os nomes das persoas ás que lles corresponde a manutención de cada factura.

*A Universidade de Vigo xestiona e financia os custos de publicidade e de difusión dos cursos de extensión aprobados ao abeiro da presente convocatoria. Polo tanto, non se financiarán gastos de publicidade ou de difusión singularizados por curso.

Código seguro de Verificación : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-0f72-dbbf-a895-6918-05df-4ef9-5b0e-13dd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBORED A MORILLO | FECHA : 27/02/2025 11:48 | NOTAS : F